

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001136	IES Francisco Aguiar	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	2
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

No 1º curso da Bachillerato deste centro educativo hai 98 alumnas e alumnos distribuídos en 4 grupos de 22, 24, 22 e 30 estudantes.

Entre eles hai 7 repetidores.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) conforma o 5% do alumnado de 1º Bac. Do total do nivel, o 3% é de incorporación tardía. O resto deste alumnado NEAE presenta condicións persoais ou de historia escolar, que foron ou que terán que ser tidos en conta na elaboración e/ou desenvolvemento desta programación.

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Neste curso 2023/24 temos en primeiro de bacharelato un total de 98 alumnos distribuídos en catro grupos (A,B, C e D), con 22, 24, 22 e 30 alumnos respectivamente.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos gardan relación co propio contido da unidade. Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Realidade multilingüe do Estado español. As disciplinas lingüísticas. Aliteratura medieval galego-portuguesa.	<p>Realización dunha avaliación inicial nas primeiras sesións.</p> <p>Abordaxe do coñecemento da realidade multilingüe do Estado español. Atenderase especialmente ao desenvolvemento sociohistórico do galego e do portugués. Estudo das disciplinas lingüísticas con especial atención á Gramática e os seus niveis.</p> <p>Estudo do acento diacrítico e breve presentación das categorías gramaticais. O alumnado coñecerá ferramentas lingüísticas dixitais para ter toda a terminoloxía á súa disposición.</p> <p>Estudaranse as características do texto oral e do texto escrito. . Atenderase á súa estrutura básica e características.</p> <p>Iniciarase o estudo da literatura medieval galego-portuguesa. Difundiranse entre o alumnado fontes de consulta relacionadas coa tradición literaria medieval galego-portuguesa.</p>	10	10	X		
2	As linguas da Península Ibérica. O substantivo. A lírica profana: a cantiga de amigo e a cantiga de amor.	<p>Estudo dos trazos lingüísticos distintivos das linguas da Península Ibérica, con especial atención ao éuscaro e ao catalán. Abordaxe da situación sociolingüística das linguas do Estado español.</p> <p>Tratamento dos elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como dos elementos non verbais da comunicación: xestos, miradas, postura, ton e velocidade da voz.</p> <p>O estudo das seguintes propiedades textuais I: a coherencia e a cohesión, con especial atención á cohesión a través do uso dos tempos verbais.</p> <p>Estudo do substantivo, con especial atención ás regras de formación do femininos e ás regras de formación do plural.</p> <p>Repaso xeral dos diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.</p> <p>O galego e a súa historia. Período de formación. As orixes.</p> <p>Estudo da lírica profana e concretamente, da cantiga de amigo e da cantiga de amor.</p>	10	11	X		
3	Variedades dialectais do galego. O adxectivo. As	Estudo das variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e do Brasil.	15	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores.	<p>Análise das propiedades textuais II: a adecuación.</p> <p>Realización dunha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil, por exemplo, o ciberanzol. Planificación da temática e procura de información. Terase en conta a audiencia á que vai destinada, o tempo de exposición, controlaranse os aspectos da linguaxe non verbal e aplicaranse os trazos discursivos e lingüísticos característicos da oralidade formal.</p> <p>Estudo do adxectivo, con especial atención á gradación.</p> <p>O galego e a súa historia: o galego antigo, séculos IX-XV.</p> <p>As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores da lírica profana.</p>	15	14	X		
4	Prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. O pronome persoal. A lírica relixiosa medieval, a prosa medieval e a decadencia da lírica galego-portuguesa.	<p>Identificación de prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua e estratexias para contrarrestalos.</p> <p>Estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Por unha banda, estudarase a conversa sincrónica (chat) como exemplo referido ás redes sociais e pola outra, a crónica informativa ou xornalística como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación.</p> <p>O pronome persoal, formas tónicas e átonas, colocación do pronome átono.</p> <p>Afondarase na lírica relixiosa medieval, na decadencia da lírica galego-portuguesa e na prosa medieval. Relacionaranse algunhas composicións con outras obras (clásicas e actuais) e con outras experiencias artísticas e culturais. O alumnado deberá saber interpretar as obras ao abeiro do seu contexto sociohistórico.</p>	10	8		X	
5	Bilingüismo e diglosia. Artigo, determinantes e pronomes. Os Séculos Escuros.	<p>Análise dos fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. Influencia das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.</p> <p>Estudo dos textos orais e concretamente, do diálogo.</p> <p>Estudo do artigo, os determinantes e pronomes: demostrativos, posesivos, relativos, interrogativos, exclamativos e</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Bilingüismo e diglosia. Artigo, determinantes e pronomes. Os Séculos Escuros.	indefinidos). O galego e a súa historia: o galego medio, do século XVI ao XVIII. Tratamento da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración).	10	12		X	
6	Usos discriminatorios da lingua. Os verbos regulares. O Rexurdimento. Rosalía de Castro.	Inicio da unidade cunha lectura de carácter sociolingüístico con análise dos usos discriminatorios da lingua e da manipulación da linguaxe. Estudo das propiedades textuais III: conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. Niveis de lingua e niveis de fala e con estes, os usos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Os verbos regulares. Morfoloxía do verbo. O modo e o tempo. A voz pasiva. O galego e a súa historia. O galego moderno: do século XIX ata 1916. O Rexurdimento e a figura de Rosalía de Castro.	10	13		X	
7	Os dereitos lingüísticos. As alternancias vocálicas e os verbos irregulares. Manuel Curros Enríquez.	Estudo dos dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Atenderase á alfabetización informacional a través do estudo da noticia, abordaranse aspectos como a propiedade intelectual, as noticias falsas e o ciberanzol. Nocións de tecnoética: o copyright. Estudo das alternancias vocálicas e os verbos irregulares. Estudo da vida e obra de Curros Enríquez. Análise da súa obra ao abeiro do contexto sociohistórico e da tradición literaria. O alumnado declamará algúns dos seus poemas ao tempo que se fará unha interpretación dunha serie de composicións seleccionadas pola/o docente das súas obras, "Aires da miña terra" e de "O divino sainete" . Veranse as influencias doutros autores na obra de Curros Enríquez.	10	9			X
8	Modelos de convivencia entre as linguas. As formas nominais do verbo e as perífrases verbais. Eduardo Pondal.	Nesta unidade abordaranse os modelos de convivencia entre as linguas, as súas causas e consecuencias. A seguir, ensinaranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. Amais disto, veranse os procedementos de	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Modelos de convivencia entre as linguas. As formas nominais do verbo e as perífrases verbais. Eduardo Pondal.	adquisición e formación de palabras e reflexionarase sobre as mudanzas no seu significado. Posteriormente, estudaranse as relacións semánticas destas. E, finalmente, abordaranse os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. A diversidade lingüística de Europa. As formas nominais do verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Estudo da biografía e obra de Eduardo Pondal, relacionando as súas composicións co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.	10	8			X
9	Linguas hexemónicas, linguas minoritarias e linguas minorizadas. O ecolingüismo. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. A prosa e o teatro do Rexurdimento.	Nesta unidade veranse varios conceptos de carácter sociolingüístico: As linguas hexemónicas, as linguas minoritarias e as linguas minorizadas. Abordarase tamén o ecolingüismo. As voces patrimoniais, os cultismos e os semicultismos. As familias léxicas irregulares. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. A prosa e o teatro do Rexurdimento. Estudo da literatura galega da etapa, «Antre dous Séculos» (1890-1916).	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Realidade multilingüe do Estado español. As disciplinas lingüísticas. Aliteratura medieval galego-portuguesa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual.	Recoñece as variedades dialectais do galego.	PE	85
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece o contexto sociohistórico e a xénese da lírica medieval galego-portuguesa.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto oral e do texto escrito.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Coñece a estrutura básica e as características do texto proposto..	TI	15
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	As linguas da Península Ibérica. O substantivo. A lírica profana: a cantiga de amigo e a cantiga de amor.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación: xestos, ton...	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura que aborda o texto proposto.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza a lectura dun texto sobre sociolingüística. Establece vínculos da súa temática coa actualidade.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e concretamente, das características da cantiga de amigo e da cantiga de amor.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.2. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá).	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos das linguas do Estado.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	Variedades dialectais do galego. O adxectivo. As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.3. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada as variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Compara as variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e de Brasil.	PE	80
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Identifica as características das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun fragmento dun ensaio achegado pola/o docente.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.	TI	20
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana que seleccionou previamente para traballar neste espazo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaboración dun texto sobre o multilingüismo.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
4	Prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. O pronome persoal. A lírica relixiosa medieval, a prosa medieval e a decadencia da lírica galego-portuguesa.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.4. - . Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas.	Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos.	PE	80
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo. Utiliza e coloca correctamente as formas do pronome persoal.	TI	20
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Bilingüismo e diglosia. Artigo, determinantes e pronomes. Os Séculos Escuros.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características básicas da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico.	PE	80
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os tipos de oracións compostas por coordinación aparecidas en textos alleos de diversa complexidade. Coñece e utiliza con corrección as formas do artigo, determinantes e pronomes.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Lectura de textos de autores clásicos e actuais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.

Contidos

- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
6	Usos discriminatorios da lingua. Os verbos regulares. O Rexurdimento. Rosalía de Castro.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.	PE	85
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elaboración dun texto sobre un tema de interese social.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Busca vínculos intertextuais entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es e establece relacións entre as creacións literarias de Rosalía e outras manifestacións artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a obra de Rosalía de Castro e a súa significación na historia da literatura galega. Interpretación, de fragmentos de obras de Rosalía de Castro, atendendo ao contexto sociohistórico da época.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación. Conxuga correctamente os verbos regulares.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaboración dun texto que interprete unha lectura realizada na clase.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.	TI	15
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Crea microrrelatos baseándose en obras lidas, revisa as súas creacións e fai propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias

Contidos

- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
7	Os dereitos lingüísticos. As alternancias vocálicas e os verbos irregulares. Manuel Curros Enríquez.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Coñece os seus dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis: Estatuto de Autonomía (1981), Lei de normalización lingüística (1983), Plan xeral de normalización da lingua galega (2004).	PE	90
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a biografía de Curros Enríquez e o contexto histórico da súa época. Interpreta fragmentos das súas obras "Aires da miña terra" e de "O divino sainete".		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas. Coñece as alternancias vocálicas e conxuga correctamente os verbos irregulares.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Selecciona poemas das obras "Aires da miña terra" e "O divino sainete" para seren posteriormente comentadas na clase.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	Modelos de convivencia entre as linguas. As formas nominais do verbo e as perífrases verbais. Eduardo Pondal.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	PE	90
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le un texto da época do Rexurdimento e pono en relación co contexto cultural desta época.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñecemento da obra de Eduardo Pondal.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñece os procedementos de adquisición e formación de palabras e os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. Coñece as formas nominais do verbo, sabe utilizar o infinitivo conxugado e identifica as perífrases verbais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a

Contidos

- partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
9	Linguas hexemónicas, linguas minoritarias e linguas minorizadas. O ecolingüismo. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. A prosa e o teatro do Rexurdimento.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Domina os conceptos de lingua hexemónica, lingua minoritaria, lingua minorizada e ecolingüismo.	PE	50
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a prosa e o teatro do Rexurdimento. Coñece a obra dos autores da denominada literatura, "Antre dous Séculos" (1890-1916)		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un texto sobre un tema actual proposto.	TI	50
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un traballo sobre algún tema de interese, como a corrección política na linguaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Coñece, distingue e utiliza con corrección os adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente non é unicamente o de transmisor de coñecementos ou de contestador/visor das actividades, senón que ten un rol moito máis activo e dinamizador, que apoia ao alumnado de cara á procura de información e á resolución de dúbidas. Trátase de fomentar o dominio dun conxunto de métodos, técnicas e estratexias que son esenciais no desenvolvemento social, profesional e académico do alumnado.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Tentaremos pois, proporcionar situacións de aprendizaxe cun enfoque práctico- interpretativo, que teñan sentido

para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras ; atender á diversidade e contribuír á formación da personalidade seguindo pautas democráticas. Na aplicación destes principios ,dáselle á materia unha orientación aplicada e instrumental; privilexiando o desenvolvemento da capacidade de expresión e comprensión tanto oral como escrita, prestando especial atención a cuestións normativas, e ao emprego de técnicas de búsqueda, análise e representación da información.

Tentaremos tamén centrarnos no dominio dos aspectos metodolóxicos da área: desde a análise gramatical ata a obtención e o tratamento da información pasando polo comentario de textos, tanto literarios como doutra natureza: científicos, periodísticos, publicitarios¿

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

O enfoque metodolóxico desta programación caracterízase polos seguintes eixos básicos:

Potenciación da práctica oral.

Partindo do nivel de competencia lingüística dos alumnos, promóvense as diferentes destrezas de comunicación oral baseadas en diferentes tipos de actividades: a reflexión sobre mensaxes orais intercambiadas en procesos de comunicación reais (reproducidos en audiovisuais) e a produción de textos orais de diversa natureza, diferenciando o espontáneo do planificado, salientando as normas que rexen o intercambio comunicativo, reflexionando sobre os usos sociais das linguas da nosa comunidade ,rexistros, etc.

Atención á lingua escrita.

O traballo desenvólvese fundamentalmente baseado en dous tipos de actividades:

- A comprensión e análise de textos (textos da vida cotiá, dos medios de comunicación, literarios,administrativos...) atendendo ás circunstanacias da comunicación, ás características específicas dos diferentes tipos de texto, á organización etc.

- A produción de textos escritos de diferentes tipos atendendo a diferentes aspectos: presentación, ortografía, organización lóxica, léxico preciso, corrección morfosintáctica...

A lingua como obxecto de reflexión.

As regras do funcionamento da lingua son sempre tratadas ao servizo da mellora da competencia comunicativa dos alumnos. Con todo, sen converter a gramática nun compartimento estanco da materia, no Bacharelato é necesaria a reflexión sistemática sobre os mecanismos da lingua.Esta reflexión é xeralmente practicada ao fio das actividades de comprensión e produción dos textos e non como unha exposición teórica illada .

Apertura aos medios de comunicación e ás novas tecnoloxías .

Fomentanse as actividades encamiñadas a converter os alumnos en receptores críticos das mensaxes dos medios de comunicación . Dada a importancia que estes teñen na vida actual boa parte do traballo desenvolvido nas aulas pon en relación os diferentes contidos tratados cos medios de comunicación de masas e as novas tecnoloxías.

Fomento de actitudes positivas cara á lingua.

A eliminación de actitudes baseadas nos prexuízos lingüísticos sobre as linguas deberá ocupar un espazo importante na didáctica da materia , dado que é un problema presente na nosa sociedade co que se enfrenta o proceso de normalización lingüística . Neste sentido a través de actividades orais e escritas incidirase na extensión do uso do galego a todas as funcións, na observación e análise do reparto funcional inxustificado; na eliminación das interferencias lingüísticas entre galego e castelán procurando unha mellora no uso das dúas linguas e no fomento do respecto cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

Atención ao feito literario.

Un importante obxectivo da área é fomentar o hábito de lectura no alumnado, valorando os textos como fonte de pracer e coñecemento e atendendo ao seu valor estético cultural. Nesta dirección realízanse diferentes actividades sobre os períodos e autores estudados, como comentar diversos textos literarios de xéneros diferentes, procurándose non converter a práctica do comentario nunha mera reflexión estilística salientándose a lectura expresiva dos textos, a contextualización histórica, o comentario oral e/ou escrito sobre o contido, análise global das características dos diferentes xéneros ...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Alvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2020). Sobre a lingua galega de Rosalía de Castro. Vigo: Galaxia.
Ausubel, David (1976). Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo. México: Trillas.
Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona. Teide
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Díaz-Castroverde, Fernando (2011). Microbios e outros paquidermos. Vigo: Galaxia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
García Negro, María Pilar (2015). No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal. Santiago de Compostela: Alvarelos.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo. Xerais.
Instituto da Lingua Galega (25 de agosto de 2022). Dicionario de dicionarios do galego medieval. http://ilg.usc.gal/ddgm/
Larson, Pär (2019). A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués. Vigo: Xerais.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.

Monteagudo, Henrique (2021). O Idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia.
Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853. Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Resende de Oliveira, António (1995) . Trobadores e xograres. Contexto histórico. Vigo: Xerais.
Rodari, Gianni (2017). Contos por teléfono. Pontevedra: Kalandraka Editora.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Sánchez Rei, Xosé Manuel (2021). O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais. Santiago: Laiovento.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l' Abadia de Montserrat.
Lingua e Literatura 1 Bacharelato (2022). Xerais. Autores: Ana Iglesias Álvarez, Héctor Cajaraville Araújo, Xosé Ramón Pena Sánchez, Manuel Rosales Cereijo.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.)

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Esta non exclúe a realización de preavaliacións ao comezo das diferentes unidades didácticas e será fundamentalmente un exercicio orientativo de inicio que será complementado coa observación sistemática dos alumnos.

A avaliación inicial tratará de averiguar os seguintes aspectos:

- Procedencia social e xeográfica do alumno.
- Lingua na que o alumno/a habitualmente se expresa..
- Lecturas realizadas.
- Comprobación do grao de consecución de obxectivos dos niveis anteriores.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	10	10	10	15	100
Proba escrita	85	80	80	80	80	85	90	90	50	78
Táboa de indicadores	15	20	20	20	20	15	10	10	50	22

Crterios de cualificación:

A cualificación ordinaria trimestral e a ordinaria final do alumnado obterase da valoración dos seguintes aspectos:

- As probas escritas das unidades didácticas tratadas (que comprenderán sempre cuestións referidas aos distintos bloques de contidos así como tamén a realización dunha lectura obrigatoria en cada trimestre).

Este apartado suporá o 80% da cualificación.

- O emprego da lingua oral. Valorarase o nivel acadado na coherencia, adecuación, expresión e gramaticalidade no uso espontáneo como lingua vehicular na clase e/ou planificado nalgunha das seguintes modalidades textuais:

Presentación e recitado dun poema.

Narración oral dun conto ou monólogo.

Representación teatral ou dramatización.

Elaboración e exposición dunha noticia.

Exposición dun relatorio oral breve (5 ou 10 minutos) sobre un tema previamente pactado

Defensa argumentada dunha tese.

¿

Este apartado suporá o 10% da cualificación.

- O traballo cotián (cadernos,realización das tarefas diarias, realización de traballos monográficos encomendados sobre actividades complementarias ,etc)

Este apartado suporá o 10% da cualificación.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos en 1º de bacharelato.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

Criterios de recuperación:

Dado que a materia de Lingua Galega é de contidos recorrentes en todo o currículo, non se realizarán probas de recuperación trimestral (a non ser que se considerase oportuno facer probas concretas de recuperación sobre contidos puntuais non retomados na programación). De maneira xeral será considerado un alumno aprobado cando consiga os obxectivos ao final do curso, de xeito que é posible aprobalo aínda suspendendo algún dos trimestres iniciais.

Durante o período que transcorre entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado suspenso terá a oportunidade de realizar as probas e/ou tarefas de recuperación que o profesorado da materia lle encomende para preparar a proba final extraordinaria de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Plan de reforzo na ESO:

Dado que a Lingua galega e Literatura é unha materia con contidos progresivos e recorrentes; o profesorado responsable das actividades docentes, levará a cabo actividades de reforzo desde as clases e fará un seguimento do alumnado coa materia pendente proporcionándolle, se fose preciso a maiores, os materiais e as tarefas de reforzo que considere oportuno tendo en conta as características do citado alumnado. A entrega e realización destas tarefas unida a unha cualificación positiva do alumnado nas dúas primeiras avaliacións do curso superior implicará a superación da materia pendente.

Para aquel alumnado que non consiga polo procedemento anterior a superación da materia, cada ano escolar realizarase unha proba final, que se celebrará antes das correspondentes sesións de avaliación do curso no que estea matriculado o alumnado. Dita proba farase na data establecida polo centro.

No Bacharelato:

Dado que a Lingua galega e Literatura é unha materia con contidos progresivos e recorrentes, o profesorado responsable das actividades docentes, realizará actividades de reforzo desde as clases de 2º de Bacharelato e fará un seguimento do alumnado coa materia pendente proporcionándolle, se fose preciso a maiores, materiais e tarefas de reforzo. Tales tarefas e materiais serán deseñados e/ou escollidos polo profesor en cada caso, tendo en conta o procedemento de avaliación que a seguir se detalla:

Os alumnos pendentes terán dous exames parciais. No primeiro exame entra toda a lingua e a literatura ata os Séculos Escuros, incluídos. No segundo exame entra toda a lingua e a literatura a partir dos Séculos Escuros. Para superaren a materia deberán chegar á nota numérica de dez coa suma dos dous parciais. Os que non aproben deste xeito terán que presentarse ao exame final

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

É evidente que en todos os grupos de alumnos atopamos diferentes niveis de competencia curricular, diferentes estilos de aprendizaxe (activo, reflexivo, teórico, pragmático, alumnos con estratexias cognitivas e outros que aprenden máis mecanicamente) e diferentes graos de motivación. A atención a esta diversidade, sen precisar sempre de medidas extraordinarias, si esixe frecuentemente a adopción de medidas de atención ordinarias na aula , que sen supoñer unha modificación significativa do currículo, se adapten ás diferentes circunstancias persoais. Esta atención contéplase fundamentalmente na metodoloxía e nos materiais. Neste sentido é que cobra valor fundamental a avaliación inicial que se fai dos alumnos ao comezo de curso que serve para conducir a nosa actuación. No deseño das unidades didácticas contéplase obxectivos que responden a diferentes ritmos e niveis, procúrase un predominio dos contidos de procedemento e propóñense actividades de dificultade gradual que permiten diversos graos de profundidade dos diferentes contidos (iniciación, reforzo, resumo, ampliación, recuperación) de xeito que os contidos poden ser tratados con distinto grao de dificultade, correspondéndolle ao profesor aplicarlas no momento adecuado para garantir a consecución dos mínimos esixidos. Na parte de Literatura por exemplo, cómpre ofrecer a posibilidade de ampliar a información sobre autores determinados en cada unidade. O tratamento monográfico destes, loxicamente, leva consigo un maior afondamento nos mesmos e, xa que logo, atender a un determinado grupo de alumnos. Certas actividades, como son as de investigación favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais. Da mesma maneira, outro tipo de contidos como os gramaticais, poden ser reforzados para aqueles alumnos que o precisen , proporcionándolles actividades prácticas en fichas que incidan nos aspectos fundamentais tratados.

Medidas extraordinarias

Unha vez realizadas as valoracións iniciais necesarias e de común acordo co conxunto de profesores, tomaranse as medidas de reforzo que cumpran cos alumnos que presenten dificultades . Así mesmo realizaranse adaptacións curriculares precisas aos alumnos de necesidades educativas especiais e que se farán constar no seu momento.

OUTROS REFORZOS

Como este tipo de medidas dependen das necesidades específicas dos alumnos e alumnas, teremos que ter en conta a avaliación inicial e o asesoramento do Departamento de Orientación. En todo caso, procurarase que o desenvolvemento destas medidas se realice dentro do posible integrado nas accións ordinarias do grupo de alumnos de referencia, aínda que seguindo as recomendacións do Departamento de Orientación e a opinión dos profesores ou profesoras, o apoio poderá ser impartido fóra da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X	X	X		
ET.4 - Competencia dixital.	X		X	X	X	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.					X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X			X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X		X			X		X
ET.8 - Creatividade.			X			X		
ET.9 - Igualdade de xénero.						X		
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.								X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X							

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	
ET.7 - Educación emocional e en valores.	
ET.8 - Creatividade.	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	

Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración co EDLG e a Biblioteca do centro	Dinamización, incentivación desde as aulas de Lingua galega da participación do alumnado nas actividades organizadas polo EDLG e polo grupo de traballo da Biblioteca. Colaboración no deseño e posta en marcha de ditas actividades			
Celebración do Nadal, Entroido, Día da Paz, Día do Libro...	Participación nos concursos e actividades organizadas con motivo destas celebracións.			
Celebración das Letras Galegas	Actividades relacionadas co autor ao que este ano se lle dedica a celebración das Letras Galegas: difusión da súa obra en todos os grupos, elaboración de exposicións murais, safari fotográfico (en colaboración coa biblioteca), asistencia a actividades organizadas no Concello de Betanzos etc.			
Coloquios con escritores	Participación en coloquios con autores actuais, continuando coa tradición establecida nos últimos anos			
Revista Ban-de	Participar na elaboración da revista de banda deseñada do centro, Ban-de.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	O Departamento ten previsto tamén colaborar neste curso nos clubs de lectura que van ser coordinados pola persoa responsable da biblioteca.			
Asistencia a representacións teatrais, concertos...	A asistencia a representacións/obradoiros teatrais, musicais, audiovisuais ou actividades lúdico/culturais doutro tipo fica supeditada ás posibilidades ofrecidas na zona e a adecuación cos contidos didácticos da materia. O mesmo cabe dicir con respecto á organización dentro do propio centro destas actividades.			
Itinerarios didácticos	Non se exclúe a posibilidade de realizar algún itinerario didáctico (ourensán, rosaliano, pondaliano ¿)			

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.

13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
17. Participouse no proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación aquí recollida, non é un documento definitivo senón revisable durante e despois do curso académico. Seleccionando aqueles aspectos que mellor se adecúan ao alumnado neste momento e desbotando aqueles outros que non son operativos. Para isto, esta programación departamental será revisada trimestralmente nunha xuntanza de seminario; tendo en conta tanto os resultados acadados polo alumnado, como a adecuación á temporalización proposta e as nosas propias impresións sobre a consecución dos obxectivos. Tales reunións terán como finalidade a proposta e valoración de posibles modificacións que deberán ser incluídas nas programacións de aula e das que cada profesor/a informará, de ser o caso, ao seu alumnado, que en todo momento terá acceso a calquera información da recollida neste documento.

En definitiva o proceso de revisión desta programación consistirá

- Avaliación inicial: Recollida de datos e suxestións sobre esta Programación nas reunións de Departamento e nas reunións de coordinación que impliquen a membros de outros departamentos.
- Avaliación do proceso: Recollida de información a través das reunións periódicas de departamento, das sesións de avaliación dos grupos e noutras reunións nas que se trate sobre as actividades realizadas polo Departamento. Preténdese así coñecer o estado de desenvolvemento da Programación e analizar as dificultades que se poidan ir presentando. Proponer neste estado os cambios que se consideren necesarios.

c) Avaliación final: Realización dunha memoria cos datos achegados polo profesorado adscrito ó Departamento, así como aqueles outros datos de interese proporcionados polo resto da comunidade educativa a través de suxestións, contraste experiencias, etc. Dita memoria incluírá, logo da reflexión sobre o feito, as propostas de mellora que se considere convenientes.

9. Outros apartados